

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**19561** *Lei 20/2009, do 4 de decembro, de creación do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enxeñaría en Informática.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O crecemento económico dos países máis avanzados baséase en gran parte no progreso das tecnoloxías da información e da comunicación. Nese sentido, a denominada Estratexia de Lisboa estableceu como obxectivo para 2010 construír en Europa unha economía baseada no coñecemento, máis dinámica, que lograse ser a máis competitiva do mundo, capaz de xerar un crecemento económico que contribúa ao mantemento da sociedade do benestar e á cohesión social.

A informática é unha disciplina que ten un papel central no ámbito das tecnoloxías da información e da comunicación e na consecución do obxectivo de facer realidade a sociedade da información e do coñecemento en España. Así mesmo, a informática constitúe un vector fundamental para a modernización dos servizos básicos para a cidadanía. Neste sentido, son moitas as iniciativas que se desenvolveron en España para impulsar a sociedade da información e do coñecemento.

A disciplina académica de informática, configurada hoxe en día como ensino universitario, naceu en 1969 coa creación do Instituto de Informática, baixo a dependencia do Ministerio de Educación, que consideraba o estudo desta disciplina necesario para a obtención de formación e técnica profesional, que debería culminar cunha titulación que permitise o exercicio profesional.

O Decreto 327/1976, do 26 de febreiro, estableceu a licenciatura en informática. O Decreto 593/1976, do 4 de marzo, estableceu a creación das primeiras facultades de informática. O título oficial de enxeñeiro en informática foi creado polo Real decreto 1459/1990, do 26 de outubro.

A Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, modificada polas leis 74/1978, do 26 de decembro, e 7/1997, do 14 de abril, establece no seu artigo 4.4 que cando estean constituídos varios colexios profesionais dunha mesma profesión de ámbito inferior ao nacional existirá un Consello Xeral, para cuxa creación se precisa unha lei de Estado, segundo o previsto no artigo 15.3 da Lei 12/1983, do 14 de outubro, do proceso autonómico. Esta situación prodúcese dado que se crearon colexios profesionais de enxeñarías en informática en distintas comunidades autónomas.

#### TÍTULO PRIMEIRO

##### **Do Consello Xeral de Colexios Profesionais de Enxeñaría en Informática**

Artigo 1. *Creación do Consello Xeral.*

Créase o Consello Xeral de Colexios Profesionais de Enxeñaría en Informática como corporación de dereito público, que terá personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins conforme a lei.

Artigo 2. *Relacións coa Administración xeral do Estado.*

O Consello Xeral de Colexios Profesionais de Enxeñaría en Informática relacionarase coa Administración xeral do Estado a través do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, sen prexuízo de o poder facer tamén a través doutro departamento ministerial en razón da materia de que se trate.

Disposición transitoria primeira. *Comisión Xestora.*

Primeira.—No prazo de dous meses desde a entrada en vigor desta lei constituirase unha Comisión Xestora composta por un representante de cada un dos colexios profesionais de enxeñaría en informática actualmente existentes.

Segunda.—A Comisión Xestora elaborará no prazo de seis meses, contados desde a entrada en vigor desta lei, uns estatutos provisionais reguladores dos órganos de goberno do Consello Xeral de Colexios Profesionais de Enxeñaría en Informática, nos cales se deberán incluír as normas de constitución e funcionamento dos ditos órganos, con determinación expresa da competencia independente, aínda que coordinada, de cada un deles.

Terceira.—Os estatutos provisionais remitiranse ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, que verificará a súa adecuación á legalidade e ordenará, de ser o caso, a súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Disposición transitoria segunda. *Constitución do Consello Xeral de Colexios Profesionais de Enxeñaría en Informática.*

Primeira.—O Consello Xeral de Colexios Profesionais de Enxeñaría en Informática quedará formalmente constituído e adquirirá personalidade xurídica e plena capacidade de obrar no momento en que se constitúan os seus órganos de goberno, conforme o previsto nos estatutos provisionais a que se refire a disposición transitoria primeira.

Segunda.—No prazo dun ano desde a súa constitución, o Consello Xeral de Colexios Profesionais de Enxeñaría en Informática elaborará os seus estatutos definitivos, previstos no artigo 6.2 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, que serán sometidos á aprobación do Goberno a través do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1029/2002, do 4 de outubro.*

No prazo de seis meses o Goberno procederá á modificación do Real decreto 1029/2002, do 4 de outubro, polo que se establecen a composición e o réxime de funcionamento do Consello Asesor das Telecomunicacións e da Sociedade da Información, para garantir unha presenza xusta e ecuánime dos colexios profesionais de enxeñaría en informática no dito consello asesor.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 4 de decembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO